



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100
Fax 981 821 741

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE UN (1) POSTO DE TRABALLO DE “PEDAGOGO/A, PSICOPEDAGOGO/A OU PSICÓLOGO/A”, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, XORNADA COMPLETA, INTERINIDADE, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO.

1.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a provisión, mediante o sistema de concurso, en réxime de dereito laboral temporal, de **UN (1) postos de traballos de PEDAGOGO/A, PSICOPEDAGOGO/A ou PSICÓLOGO/A en réxime de interinidade** para cubrir a baixa por IT da traballadora do STAND dona Teresa Busto Domínguez.

2.- Tipo de contrato e duración

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas, será de **duración determinada, a tempo completo, baixo a modalidade de INTERINIDADE.**

Duración.- A duración deste contrato está vinculada á duración da baixa por IT da traballadora do STAND dona Teresa Busto Domínguez.

3.- Normativa aplicable ao procedemento de selección

Ao presente concurso seralle de aplicación o previsto no EBEP (Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público). Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no EBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia (TRLFPG)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXAP e PAC)
- Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de Policía Locais de Galicia.
- Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

- Restante normativa vixente na materia.

4.- Características do posto de traballo

- Número de postos de traballo: UN (1).
- Clase: persoal laboral temporal.
- Grupo: A1
- Nivel de titulación mínimo esixido: licenciatura en pedagogía, psicopedagogía, psicoloxía ou grao equivalente.
- Denominación do posto: Pedagogo/a, Psicopedagogo/a ou Psicólogo/a
- Funcións: As que se desenvolvan no STAND de Noia.
- Xornada: A tempo completo.
- Duración: Interinidade. Cobertura da baixa por IT da empregada pública dona Teresa Busto Domínguez.
- Nivel de galego: Celga 4 ou validación ao mesmo nivel, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería da Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (DOG núm. 146 de 30/07/2007)

5.- Requisitos dos aspirantes

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos mínimos, en aplicación do artigo 56 do EBEP, na data de expiración do prazo de presentación de instancias:

- A) Ter cumpridos os dezaioito (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- B) Ser español/a ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.
- C) Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do título de licenciatura ou grao en Pedagogía, Psicopedagogía ou Psicoloxía.
- D) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo
- E) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no



caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- F) Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- G) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) ou equivalente. No caso de que non se posúa haberá que superar unha proba que demostre o coñecemento da lingua galega.

6.- Publicidade das Bases e determinación de quen pode participar no proceso selectivo

Procederáse á publicación do anuncio da Convocatoria no Taboleiro de Editos do Concello de Noia, na páxina web municipal (www.noia.es), e nun dos diarios de maior difusión na provincia.

As Bases que rexen a convocatoria e o procedemento selectivo serán publicadas no Taboleiro de Editos do Concello e na páxina web municipal.

7.- Documentación a presentar polos candidatos

7.1.- As persoas interesadas, deberán de presentar no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

1. Solicitude de participación segundo modelo que figura no Anexo I
2. Declaracións xuradas de non ter sido separado do servizo e de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo modelo que figura no Anexo I
3. Fotocopia compulsada de DNI.
4. Acreditación da formación mínima segundo o especificado na Base nº 5.C) (orixinal ou copia cotexada)
5. Celga 4 ou equivalente
6. Documentación xustificativa, e autenticada dos méritos alegados.

Non se valorarán aqueles méritos que non sexan alegados e acreditados polos aspirantes xunto coa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

Non se valorarán os méritos que non estean expresamente contemplados non baremo que figura na presente convocatoria.

7.2.- Lugar e forma de presentación: As instancias serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, sito na rúa Rosalía de Castro, núm. 2, 15200 - Noia; ou na forma prevista no artigo 38.4 da LRXAP e PAC. As persoas que presenten a instancia para participar na forma prevista no artigo 38.4 da LRXAP e PAC deberán facer saber esta circunstancia ao concello mediante o envío por telefax (981 821 741) da instancia debidamente selada na oficina correspondente, e sempre antes do remate do prazo de presentación de instancias. De non cumprimentar este requisito, a instancia será inadmitida se ten entrada no Concello con posterioridade ao remate do prazo para presentación de instancias.

7.3.- Prazo para a presentación: A instancia xunto coa documentación sinalada deberá ser presentada no prazo improrrogable de **tres días hábiles**, a contar desde o día seguinte a aquel en que se produza a publicación do último dos anuncios previstos na Base número 6 (taboleiro, páxina web municipal e xornal)

8.- Tribunal de selección

8.1.- Composición do Tribunal: O Tribunal encargado da cualificación dos méritos e da supervisión do proceso designarase conforme ao estipulado no artigo 60 do EBEP e estará composto polos seguintes membros:

- Presidente:
 - Titular: Aquilino López Leira
 - Suplente: María José Blanco Cadilla

- Secretario, con voz e voto:
 - Titular: Ramiro Lema Muiño
 - Suplente: Gloria Couceiro Leira

- Tres vogais, que deberán estar en posesión do mesmo título ou superior ao esixido para acceder aos postos convocados:
 - Titular primeiro vogal: Eduardo Martínez García
 - Suplente primeiro vogal: María del Rosario Rial Castaño
 - Os outros dous vogais (titular e suplente) a proposta do Comité de Empresa do Concello.

8.2.- Publicidade da composición. Abstención e Recusación: A composición definitiva do Tribunal farase pública mediante anuncio no Taboleiro de Editos do Concello de Noia. Contra os nomeados poderán os aspirantes facer uso do dereito de recusación cando concorran as circunstancias establecidas na lei, de conformidade cos artigos 28 e 29 da LRXAP e PAC.

Do mesmo xeito, cada membro do Tribunal, deberá prestar declaración xurada de que nel non concorre ningunha das causas de abstención reguladas no artigo 28 da LRXAP e PAC. Dita declaración deberá incorporarse ao expediente con carácter previo á primeira sesión do Tribunal.



8.3.- Constitución do Tribunal e funcionamento: O Tribunal non poderá constituírse sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, sendo en todo caso obrigatoria a presenza do Presidente e do Secretario.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes Bases e poderá autorizar que se incorporen ás sesións, con voz pero sen voto, persoal que asesore cando se requira para a axeitada cualificación dos aspirantes.

8.4.- Vinculación da proposta do Tribunal: O órgano competente para resolver debe resolver o procedemento de selección de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante. De conformidade co artigo 60.8 do EBEP, e co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, no caso de producirse a renuncia do aspirante seleccionado, antes do seu nomeamento ou da súa toma de posesión, proporase a contratación do seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

9.- Proceso Selectivo

A selección realizarase mediante o sistema de concurso, de acordo co previsto no artigo 47 e 48 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro.

10.- FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS. PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

A selección será polo sistema de concurso, valorándose a puntuación acadada nos seguintes méritos e conforme ao seguinte baremo:

10.1 FORMACIÓN ACADÉMICA: MÁXIMO DE 3 PUNTOS

A máxima puntuación será de tres puntos, que se valorarán do seguinte xeito:

- Por estar en posesión de Máster, Postgrao ou Formación Reglada en Atención Temperá, Desenvolvemento infantil ou Discapacidade Infantil: 3 puntos / máster realizado.
- Por estar en posesión de Máster en pedagogía, Cintas da Familia ou Máster en Intervención Familiar: 3 puntos / máster realizado.

10.2 EXPERIENCIA PROFESIONAL: MÁXIMO DE 3,6 PUNTOS

Puntuarase a experiencia profesional nas seguintes especialidades: Pedagogo/a, Psicopedagogo/a, Psicólogo/a, Educador/a familiar, Educador/a Infantil, conforme ao seguinte baremo:

- Servizos prestados nestas categorías profesionais, tanto ao servizo de calquera das Administracións Públicas nas súas diversas modalidades como ao servizo de

calquera empresa privada nas áreas de Atención Temperá, Desenvolvemento infantil ou Discapacidade Infantil: 0,20 puntos, por cada mes completo de servizo; ata un máximo de 3,6 puntos.

- Servizos prestados nestas categorías profesionais, tanto ao servizo de calquera das Administracións Públicas nas súas diversas modalidades como ao servizo de calquera empresa privada: 0,10 puntos, por cada mes completo de servizo; ata un máximo de 3,6 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días. Asemade non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e a puntuación reducirase proporcionalmente polos prestados a tempo parcial.

A experiencia profesional acreditarase mediante certificación expedida pola Administración correspondente na que se faga constar a duración dos servizos, escala, subescala, grupo e/ou categoría, nome do posto de traballo e no seu caso as tarefas desenvoltas ou ben polo certificado de empresa correspondente.

Para a valoración dos servizos prestados na empresa privada ou en réxime de autónomo poderá aportarse unha vida laboral emitida pola da Seguridade Social, acompañada de contratos, nóminas ou calquera outro medio válido en dereito que especifique e aclare os traballos que se reflicten na vida laboral do traballador.

Proba de coñecemento da lingua galega:

Para o caso de non acreditar estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou equivalente, os participantes deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego, someténdose á proba ou probas que consideren máis axeitadas, cualificándose esta proba de apto ou non apto.

11.- Proposta de contratación

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso, polo que a dita suma determinará a orde final de puntuación dos aspirantes que será publicada no Taboleiro de Editos do Concello.

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do Tribunal e a incorporación ao servizo.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas (1)



12.- Criterios de desempate

En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos na fase de concurso, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios de desempate:

- Primeiro: a favor daquel aspirante que teña a máxima puntuación no mérito 10.2
- Segundo: de persistir o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética en vigor aprobada pola Xunta de Galicia (letra "S", DOG núm. 28 de 11/02/2015). Nos apelidos compostos coa preposición de, da, de la, d'... a mesma non será tida en conta (Por exemplo: María de Castro Domínguez. A letra a ter en conta será a "c")
- Terceiro: de persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.
- Cuarto: de persistir o empate, efectuarase sorteo público>

13.- Nomeamento, presentación de documentación e formalización do contrato de traballo.

13.1.- Nos 3 días hábiles seguintes a aquel en que se faga pública a orde final de puntuación dos aspirantes do Tribunal, o órgano competente mediante resolución nomeará ao aspirante proposto. Esta resolución será obxecto de publicación no Taboleiro de Editos.

13.2.- O candidato nomeado deberán presentar, perante o concello, no prazo de 3 días hábiles dende que se faga público o seu nomeamento (mediante anuncio no Taboleiro de Editos) os documentos acreditativos do cumprimento da Base núm. 5, letra D): "posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto do traballo", para o que deberá achegar un certificado médico. Polo tanto, a sinatura do contrato laboral e a incorporación ao posto de traballo, quedan supeditadas á presentación da dita documentación correctamente.

13.3.- De non presentarse a documentación no prazo indicado ou no caso de deducirse da documentación que o candidato seleccionado non reúne os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o órgano competente nomeará ao seguinte aspirante (segundo a "orde final de puntuación dos aspirantes ") Este nomeamento será publicado do mesmo xeito e concéderaselle ao novo candidato o prazo previsto no apartado anterior para presentar a documentación que nel se esixe.

13.4.- En tanto non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa seleccionada non terán dereito a prestación económica algunha.

14.- Bolsa de Emprego.

14.1.- Nos 3 días hábiles seguintes a aquel en que se faga pública a **orde final de puntuación dos aspirantes** do Tribunal, o alcalde mediante resolución **creará a Bolsa de Emprego**. Esta resolución será obxecto de publicación no Taboleiro de Editos.

14.2.- A bolsa de emprego que estará formada por tódolos aspirantes que cumpran os requisitos previstos na Base número 5, ordenados de xeito decrecente; incluíndo os aspirantes que resultaron nomeados no proceso regulado nestas Bases.

14.3.- Esta Bolsa de Emprego poderá ser utilizada para a cobertura de prazas (con carácter interino ou a celebración doutros contratos laborais con carácter temporal) para as que se esixan os mesmos requisitos e se valoren os mesmos coñecementos que nas presentes bases. O mesmo sistema seguirase para suplir eventuais situacións de rexeitamento do aspirante que foi nomeado e efectivamente contratado neste proceso selectivo.

14.4.- No caso de producirse a necesidade de prover un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións que nese momento non estean prestando servizos para o Concello de Noia, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore a este previa sinatura do correspondente contrato laboral.

Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá o requirimento, indicándolle o número de orde no que se atopa na prelación establecida polo Tribunal, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación á que se refire o parágrafo seguinte ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase aos seguintes na lista.

O requirimento pode ser notificado na forma prevista na lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao enderezo postal sinalado na instancia prevista na base 7 das presentes, e, de estimalo necesario, en atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustificable, na devandita notificación incluírase a relación da documentación que deberá presentar de novo para os efectos de comprobar que se seguen a cumprir os requisitos de participación no proceso selectivo de acordo ao previsto nestas Bases.

Do mesmo xeito, o dito requirimento poderá ser realizado de forma telefónica, deixando dilixencia desta actuación un traballador funcionario do Concello.

14.5.- Se o aspirante renuncia a ocupar o posto, unha vez realizado o chamamento, este pasará ao último lugar da lista dos aspirantes que conforman a bolsa de emprego, salvo que acredite a existencia dun contrato laboral vixente como causa da súa renuncia.



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100
Fax 981 821 741

14.6.- A duración desta Bolsa de Emprego estará limitada a **dezaoito meses (18)** dende a súa publicación no Taboleiro de Editos, de conformidade co regulado no apartado primeiro desta Base. Queda condicionada a súa utilización ao que resulte da aplicación das Bases de Execución do Orzamento, así como da lexislación estatal relativa á contratación de persoal interino ou laboral temporal.

15.- Norma final.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei de Xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, contra os ditos actos administrativos poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a súa notificación ou publicación, previo ao contencioso-administrativo. Ou ben directamente, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Se interposto o recurso potestativo de reposición o mesmo fose desestimado, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses no xulgado contencioso-administrativo competente.

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO SELECTIVO

APELIDOS E NOME				
DNI				
ENDEREZO				
Rúa	Número	Escaleira	Piso	Porta
Código Postal	Municipio	Provincia	Teléfono contacto	

Tendo coñecemento da convocatoria para cubrir un postos de traballo, persoal laboral temporal, de PEDAGOGO/A, PSICOPEDAGOGO/A ou PSICÓLOGO/A para o STAND do Concello de Noia,

1º) SOLICITO, tomar parte no devandito procedemento selectivo.

2º) DECLARO, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e os sinalados na correspondente convocatoria.

3º) ACHEGO orixinal ou copia compulsada dos seguintes documentos (márquese cun X os cadros correspondentes á documentación que se aporta:

- Copia cotexada do DNI, resgado do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de ser este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor
- Copia cotexada do Título de Pedagogo/a, Psicopedagogo/a ou Psicólogo/a
- Copia cotexada da documentación acreditativa da posesión do Celga 4 ou validación ao mesmo nivel.
- Declaración xurada (VER DORSO)
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade de conformidade coa Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. (VER DORSO)
- Copia cotexada dos méritos alegados

En, a de de 2014.

Sinatura.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NOIA.



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100
Fax 981 821 741

DECLARACIÓN XURADAS

DONA/DON

....., con
documento nacional de identidade número....., e
endereço en
.....,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, RESPONSABLE E SOLEMNEMENTE QUE:


Non ter sido condenada/o por delito doloso, nin estar inhabilitada/o para o exercicio das funcións públicas, nin separada/o do servizo de calquera das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme; nin estar incurso en causa de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro.

En, a de de 2014.

Sinatura.

Noia, 13 de agosto de 2015.

O concelleiro delegado,


Asdo. José Manuel Lage Tuñas.

